

Entre a luz diúrna e a luz nocturna, existe un raio de escuridade no que, a pesar da súa tumultuosidade, encontrarei a miña estrela.

Blog de Josune Bereziartu

Recoñecida como a mellor escaladora do mundo, as súas escaladas equipáranse ás dos escaladores masculinos de primeirísima fila, estando entre as marcas mundiais absolutas de todos os tempos. Recoñecendo a diferenza muscular entre homes e mulleres e a súa importancia neste deporte. Lémbranos que "As mulleres temos as nosas vantaxes, pódeste facer moi forte psicoloxicamente, pódeste facer moi forte tecnicamente, pódeste valer dunha lixeireza, precisamente por ter menos masa muscular...". Con toda esta fortaleza logrou encadear 9a. territorio ata entón exclusivamente masculino.

Josune Bereziartu
1972-



Foto de Josune Bereziartu cedida por ela mesma.

NOVEMBRO

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
			1 2003 Morro Xela Arias, escritora e pioneira nos labores de tradución ao galego.	2 1928 Nace Luisa J. Hdez. Lavalle, novelista mexicana. Premio Nal. de CC e Artes 2002	3 1793 Olimpia de Gouges é guillotínada logo de publicar "Os Dereitos da Muller e da Cidadá".	4 1868 Nace en Valga Carolina Otero Iglesias "La Bella Otero" raíña da Belle Époque europea.
5 1952 Nace Vandana Shiva, ecofeminista loitadora contra as sementes transxénicas.	6 1936 Federica Montseny, 1ª muller Ministra do Goberno da II República.	7 1905 50.000 obreiras desfilan en Londres contra o ministro Balfour.	8 2003 Fina Hava Rexha, a muller máis anciá de Albania e do mundo, con 123 anos.	9 1977 Roselyn Susman Yalow recibe o Nobel de Fisioloxía e Medicina. Técnica de RIA.	10 2005 Ellen Johnson, primeira Xefa de Estado dun país africano é escollida Pdta. de Liberia.	11 2007 A Dra. en Física Inmaculada Paz Andrade, primeira galega en recibir o Premio María Wonenburger.
12 1651 Nace Sor Juana Inés de la Cruz, escritora. Destacada intelectual da súa época.	13 As mulleres mariscadoras e ás outras que, como Rosa, viven e morren polo mar.	14 1985 Nace en Mallorca Elena Gomez Servera, campioa do mundo de Ximnasia Artística.	15 1978 Pasamento de Margaret Mead, antropóloga estudosa das sociedades non industriais.	16 1949 Nace Amelia Valcárcel, filósofa feminista. Premio Miguel de Cervantes.	17 1878 Nace Lisa Meitner. Colaborou no descubrimento da fisión.	18 1940 Nace Margaret Atwood, a mellor escritora canadiana de lingua inglesa.
19 1933 As mulleres españolas participan por 1ª vez nunhas eleccións democráticas.	20 1941 Xulia Mingullón gaña o premio nacional de BB.AA. con "A escola de Doloriñas"	21 1922 Nace María Casares, actriz de orixe galega, exiliada despois da Guerra Civil española.	22 1990 Dimite Margaret Thatcher como Primeira Ministra do Reino Unido.	23 1961 Nace Mila Ramos, poeta e cofundadora de Mulleres en Zona de Conflitos.	24 1998 Pasamento de Maruxa Villanueva, "Raíña do alalá". Colaborou activamente a prol da República.	25 Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres
26 1892 Nace en Menorca Margarida Comas i Camps, científica e teórica da educación.	27 1922 Cándida Rodríguez, "Martir de Sobredo", é asasinada nas loitas pola abolición dos foros.	28 1895 Nace Otelia Nieto, soprano lírica composteleá.	29 1832 Nace Louisa May Alcott, escritora estadounidense. Escribe "Mulleriñas".	30 1938 Nace Margarita Salas, bióloga molecular. Premio Ramón y Cajal.		

Mulleres Que Tocaron O Ceo

Tempo de mulleres, Mulleres no tempo 2012

